

Expediente: CON2024000011 Referencia interna: 2024/00017132C -
Obras de execución do proxecto de "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Vilvestro" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña
Tipo de contrato: Obras Procedemento: Aberto

ACTA NÚMERO 2
ORZAMENTO DA LICITACIÓN: 66.105,29 euros máis IVE

DATOS DA REUNIÓN

Lugar: Servizo de Contratación - Videoconferencia
Data: 11-07-2024 **Hora:** 9:06

ASISTENTES

Presidencia: Manuel César Vila, en substitución de Pilar Lueiro García, concelleira delegada de Medio Rural

Vogais

Berta Rosón López, en representación da Intervención Municipal
-Iñaki Bilbao Castro, en representación da asesoría Xurídica
-Diego Briega Argomaniz, arquitecto municipal do Servizo de Obras e Proxectos
-Asesor: Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal

Secretaria: Paz Filloy Mato, xefa de servizo de Contratación

A mesa de contratación analiza, en primeiro lugar, o informe técnico realizado polo enxeñeiro de camiños municipal en data 24-06-2024 no que valora a oferta técnica presentada polo licitador mediante criterios de adxudicación de xuízo de valor..

No informe que lles é explicado aos membros da mesa constan as puntuacións que son as seguintes:

Nº DE ORDE	LICITADOR	a) Plan de control de calidade	b) Programa de traballo	c) Programa de actuación ambiental	d) Esquema do plan de seguridade e saúde	TOTAL
	<i>Puntuación máxima</i>	15,00	20,00	0,00	4,60	39,60
1	CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	9,75	10,67	0,00	0,00	20,42

O licitador supera o limiar mínimo de puntuación exixido nesta fase para poder pasar á seguinte.

A continuación e en sesión pública á que asiste unha representante da Federación Galega da Construción, procédese á apertura do sobre que contén a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	LICITADOR (nome abreviado)	II.1 OFERTA ECONÓMICA		II.3 IGUALDADE	VINCULADAS
		PREZO (sen IVE)	BAIXA		
1	CALICANTO	64.888,95 €	1,84%	Si	Non
Orzamento base de licitación (epígrafe 3.A do anexo I):		66.105,29 €	0,00%		

Nº DE ORDE	LICITADOR (nome abreviado)	II.2 ESTABILIDADE EMPREGO							
		TOTAL PERSOAS TRABALL. CADRO PERSOAL	TRABALL. DIRECTAMENTE RELACIONADOS EXECUCIÓN OBRAS EN XERAL	PERSOAS TRABALL. CONTRATO FIXO INDEFINIDO XORNADA COMPLETA	MULLERES TRABALLADORAS CONTRATO FIXO INDEFINIDO XORNADA COMPLETA	TRABALL. DESEMPREG. CONTRATADOS 12 MESES ANTERIORES	II.2.1 % PERSOAL FIXO / GLOBAL	II.2.2 % MULLERES / PERSOAL FIXO	II.2.3 % TRABALL. DESEMPREG. / PERSOAL GLOBAL
1	CALICANTO	3	3	5	0	0	100,00% (166,67%)	0,00%	0,00%

Ás 9:13 horas e rematada a apertura do arquivo electrónico coa proposición avaliable mediante fórmulas, a mesa acorda suspender a suspensión e dar traslado desta documentación aos técnicos municipais para que realicen os cálculos das puntuacións correspondentes ao licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada no procedemento de adxudicación.

Reiníciase a sesión ás 13:27 horas e a mesa analiza o informe de valoración efectuado polo enxeñeiro de camiños municipal e que se publicará con esta acta no perfil do contratante. No dito informe consta a puntuación obtida polo licitador na oferta económica, que non está en baixa, así como as puntuacións do resto de criterios de adxudicación avaliables mediante fórmula que se recollen no PCAP que rexe esta licitación. O licitador obtén as seguintes puntuacións:

Nº DE ORDE	LICITADOR (nome abreviado)	II.1 OFERTA ECONÓMICA (aplicación Deputación)	II.2 ESTABILIDADE EMPREGO				II.3 IGUALDADE	TOTAL PUNT. FASE II	
			II.2.1 % PERSOAL FIXO / GLOBAL		II.2.2 % MULLERES / PERSOAL FIXO				II.2.3 % TRABALL. DESEMPREG. / PERSOAL GLOBAL
			Avaliación	Puntuación	Rango traball. fixos	Puntuación			
1	CALICANTO	2,16 puntos	Non (< 5 t.)	0,00 puntos	25 ou menos	0,00 puntos	2,20 puntos	5,00 puntos	9,36 puntos

A puntuación total que acada o licitador neste procedemento de adxudicación é:

Nº DE ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN FASE I	PUNTUACIÓN FASE II	TOTAL PUNTUACIÓN
1	CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	20,42	9,36	29,78

A mesa de contratación ACORDA:

Primeiro: Aceptar os informes de valoración realizados polo enxeñeiro de camiños municipal da oferta do licitador nos criterios non avaliados mediante fórmulas de data 24-06-2024 e nos criterios avaliados mediante fórmulas de data 11-07-2024.

Segundo: Propoñer como adxudicatario a única empresa presentada, CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L, NIF: B70574397, por cumprir cos requisitos exixidos no PCAP. Presenta unha oferta económica que ascende a 64.888,95, IVE excluído.

Terceiro: Trasladar á concellaría delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local o resultado desta licitación para que lle requira a CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L, NIF: B70574397 para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da recepción do requirimento acredite que conta coa solvencia técnica e económica, coa capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e a Xunta de Galicia, e proceda ao aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes, así como que acredite que cómpre cos demais requisitos exixidos no PCAP.

Levántase a sesión ás 13:31 horas

Vº e prace
A Presidencia da Mesa

Eu, como secretaria, dou fe